



Estudo da severidade da hidrofobicidade en diferentes solos de Galicia


Autor: Juan Manuel García Morado

Titor: Purificación Marcet Miramontes


Curso: 2022/20223

Resumo: O obxectivo deste traballo é a comparación e estudo da hidrofobicidade mediante os test WDPT e MED de distintas mostras de solos recollidas nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra. As mostras recollidas foron clasificadas en tres grupos para o seu estudo: mostras de ladeira queimada, mostras baixo distinta vexetación e mostras dun mesmo solo queimado e non queimado.

É imprescindible a lectura de artigos e estudos previos para comprender fisicamente que é o que fai que un solo sexa repelente a auga ou non, e estudar todos os factores biolóxicos e non biolóxicos que inflúen na hidrofobicidade dos solos.



ESQUEMA PLAN DE TRABAJO



Como se pode observar no plan de traballo deste proxecto tras a toma de mostras procedeuse a caracterización e determinación analítica das mesmas e, someteronse os dous test de determinación da hidrofobicidade empregados neste traballo, WDPT e MED. Cos datos obtidos a través destas probas procedeuse a avaliación dos datos de xeito estatístico e a discusión dos resultados.